Esquerda Unida lanza unha nova ferramenta de participación cidadá online: Programa aberto (http://www.programa-aberto.org/
). O coordinador local de EU Gondomar, Josué Villar sinala que a organización busca adaptars ás novas formas de participación política online, "os novos tempos requiren de novas ferramentas". Con elas pretenden "garantir que as diferentes propostas dos veciños de Gondomar, Nigrán, e Baiona sexan identificadas, estudadas, e defendidas por Esquerda Unida nos diferentes municipios".